

Universidade de Vigo - Tel. 986 813 586 www.uvigo.es Registro de estudantes@uvigo.es
Saída Nº. 201400010731 14/10/14 09:51:50

INSTRUCCIÓN PARA A AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN DE ESTUDANTES DE GRAO

1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto regular o sistema de avaliación por compensación (AC) nas titulacións de grao, así como a composición e o funcionamento das comisións de compensación que, para tal efecto, se constitúan nas facultades e escolas ata que se aprobe o novo regulamento de avaliación e cualificación da Universidade de Vigo.

Enténdese como avaliación por compensación o mecanismo polo que se avalía no seu conxunto a traxectoria académica e o labor realizado por unha ou un estudante ao final dos seus estudos para determinar se acadou os coñecementos e competencias suficientes para obter a titulación académica á que opta, compensando materias que non teña superadas ou, no caso descrito no apartado 1c, os créditos sen cursar.

Esta instrución aplicaráselle a todo o alumnado que cumpra os requisitos que se indican nos apartados correspondentes.

2. Requisitos para admitir a trámite as solicitudes

1. Poderá solicitarse a avaliación por compensación nas seguintes situacións establecidas no artigo 5.3 da Normativa de permanencia e progreso do estudantado das titulacións oficiais de grao e de mestrado universitarios da Universidade de Vigo:
 - a) Cando non se poidan continuar os estudos da titulación por aplicación da normativa citada.
 - b) Cando tendo materias avaliadas e non superadas, a taxa de éxito das citadas materias nos tres últimos cursos sexa menor do 35%. Se pola implantación recente dunha materia non se dispón de taxa de éxito de tres cursos, considerarase a dos cursos xa rematados. Se a materia non foi impartida en cursos consecutivos, considerarase a taxa dos tres últimos cursos en que se impartira.
 - c) Cando os créditos que resten para poder obter a titulación, agás os correspondentes ao TFG, sexan menos que os de calquera das materias que poida cursar para acadalos.
2. Ademais dos casos reflectidos no apartado 1 desta instrución, poderá solicitarse a avaliación por compensación cando se cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que cando menos o 50% dos créditos da titulación foran cursados na Universidade de Vigo.

- b) Que resten para graduarse un máximo de dúas materias que non superen entrambas os 12 créditos, agás o TFG.
- c) Que o/a estudante esgotara na(s) materia(s) na(s) que solicita a AC cando menos tres oportunidades de avaliación e que a cualificación obtida non fora inferior a 1 ou non avaliado en ningunha das tres oportunidades.

3. Limitacións na resolución da avaliación por compensación

- a) Non serán obxecto de compensación o traballo de fin de grao, as prácticas e o prácticum.
- b) O número máximo de créditos que se poderá conceder por avaliación por compensación na vida académica do alumnado será de 12 .
- c) Non se lle poderá conceder a AC a unha/un estudante que non estea matriculado na(s) materia(s) a compensar no momento de solicitar a AC.
- d) As materias compensadas non poderán ser obxecto de recoñecemento noutras titulacións da Universidade de Vigo.
- e) Non se lle poderá conceder a AC a un/unha estudante ao/á que lle conste algunha sanción grave no seu expediente académico.

4. Criterios de resolución da avaliación por compensación

Concederase o apto por compensación da(s) materia(s) solicitada(s) tras a constatación do cumprimento dun dos requisitos do apartado 1 ou todos os requisitos do apartado 2, das limitacións do apartado 3, e sempre que o/a estudante se encontre en polo menos un dos seguintes supostos:

- a) Que obtivese polo menos unha vez unha cualificación igual ou superior a 3'5 na(s) materia(s) a compensar.
- b) Que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.

No caso de que o/a solicitante non se encontre en ningún destes supostos pero reúna todos e cada un dos requisitos necesarios, e á súa solicitude non lle sexa de aplicación ningunha das limitacións establecidas no apartado 3, a solicitude será admitida a trámite para que a valore a comisión de compensación.

A comisión de compensación valorará a traxectoria académica global da/o solicitante e, en particular, na(s) materia(s) obxecto de compensación e nas materias afíns (se as houbese), e analizará canta información complementaria considere oportuna. A comisión poderá solicitarlle(s) ao(s)/á(s) docente(s) responsable(s) da(s) materia(s) un informe no cal consten as consideracións relativas a todas as actividades desenvolvidas polo/a estudante (traballos, exames, prácticas etc.).

En ningún caso se lle poderán realizar probas de avaliación ao alumnado solicitante.

5. A comisión de compensación

1. Todos os centros da Universidade de Vigo contarán cunha comisión de compensación por titulación.

2. A comisión de compensación será nomeada polo centro de adscrición da materia coa seguinte composición tendo en conta a paridade entre mulleres e homes:
 - A persoa coordinadora da titulación que a presidirá.
 - Tres vogais e tres suplentes pertencentes ao profesorado da titulación. Deberán estar representadas as diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada docencia na titulación.
 - Un ou unha vogal que represente o estudantado nalgún consello dos departamentos implicados ou na xunta do centro correspondente.
3. A elección ou designación das persoas que formen a comisión realizarase ao comezo do ano académico e renovarase anualmente.
4. Non poderá formar parte da comisión o profesorado que interviñera na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar. De ser o caso, este deberá ser substituído por outra/o docente designado polo centro.

6. Solicitudes e prazos

A solicitude de AC irá dirixida, por medio dunha instancia da/o estudante, á dirección do centro de adscrición da materia. Esta realizarase nos seguintes quince días hábiles contados a partir de que remate o prazo de entrega de actas correspondentes ás oportunidades adiantadas de avaliación e das actas finais de cada curso académico.

7. Procedemento de resolución e notificación

1. O prazo máximo para resolver será dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. O mes de agosto considerárase non hábil para os efectos desta normativa.
2. Cando non proceda a admisión dunha solicitude, a comisión acordará a inadmisión motivada desta e trasladaralle o acordo á/ao solicitante.
3. O tribunal examinará todas as solicitudes admitidas a trámite segundo os criterios establecidos no apartado 4.
4. A resolución da comisión remitiráselle ao órgano de dirección do centro, quen ditará a oportuna resolución e comunicarlle mediante un escrito a todo o alumnado solicitante da AC; no caso de denegación debe ser motivada.
5. A avaliación por compensación figurará no expediente de cada estudante como «apto por compensación» sen cualificación numérica. Para os efectos de baremo do expediente, o «apto por compensación» terá a equivalencia de aprobado coa cualificación numérica de 5.
6. No caso de compensación de créditos á que se refire o apartado 1c reflectiráselle no seu expediente a anotación de «Recoñecido por compensación».

8. Procedemento de resolución e notificación

No caso de que a resolución da comisión non sexa favorable, poderá interpoñerse un recurso ante o reitor, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación desta.

Disposición adicional

Con carácter excepcional abrírase un prazo de solicitudes do 14 ao 31 de outubro de 2014 para atender ás solicitudes do alumnado que cumpra os requisitos de solicitude nesa data.

Vigo, 13 de outubro de 2014

A Vicerreitora de Estudiantes



Dolores González

Asdo. Dolores González-Álvarez

**XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
DECANAS/OS E DIRECTORAS/ES DOS CENTROS
COORDINADORAS/ES DE TITULACIÓNS DE GRAO UNIVERSITARIO**